



RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR DO IES LAXEIRO (NOVEMBRO 2018)

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS /NAIS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS PAIS/NAIS por vacantes do 2014** dun total de tres que debe ter o Consello Escolar., O censo electoral de pais/nais está exposto no taboleiro de anuncios do centro.
2. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 7 de novembro ata as 12:00 horas do día 14 de novembro (haberá que solicitar a candidatura na secretaría do centro)
3. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro e e catro pais/nais ou titores legais, designados por sorteo, actuando como secretario o de menor idade .
4. Cada pai/nai fará constar na papeleta das eleccións un máximo de 1 da lista de candidatos/as
5. O voto será directo, secreto e non delegado
6. A votación será o día 28 de novembro na Biblioteca do IES.Laxeiro,presidida pola Mesa Electoral que velará polo desenvolvemento da votación que terá lugar entre as 20,30 h. e as 22,30h do serán.
7. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lalín, a 6 de novembro de 2018
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL



EUGENIO GRANDE SIERRA

(ANÍMATE E PRESENTA A TÚA CANDIDATURA)